



## **ANEXO VI:**

# **“PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP O AREAL”**

**(versión novembro 2020)**

O Plan de Continxencia do CEIP O AREAL ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.



## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocaráselle unha máscara FFP2 (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (sería o de Camariñas), ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 **contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
- 5 **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.



6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo**.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.



## ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVANON PRESENCIAL

11. **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.

d) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

e) **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.



## PROTOCOLO PARA A ADAPTACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE Á DOCENIA VIRTUAL

- Accións a levar a cabo previamente
  - Organizar o reparto de dispositivos electrónicos para o alumnado que os precise.
  - Asegurarse de que o alumnado ten os coñecementos precisos para o uso da aula virtual (a partir de 3º) ou dos mecanismos mediante os cales se pretenda levar a cabo a docencia non presencial. (infantil e primeiro ciclo da E.P).
  
- Accións para o día do peche
  - Comunicar a nova situación ás familias.
  - Reparto de dispositivos electrónicos.
  - Informar das normas e do sistema de control de asistencia.
  
- Rutinas durante o período de docencia virtual
  - Cumprimento do "horario espello" deseñado para o grupo mediante a aula virtual. (No 2º e 3º ciclo da E:P).
  - Comunicación e seguimento por medios telemáticos nas aulas de infantil e primeiro ciclo de primaria.
  - Comunicación permanente do profesorado coas familias e co alumnado.
  - Profesorado remitirá a xefatura de estudos semanalmente a relación de actividades que levou a cabo co alumnado.
  
- As tarefas durante o ensino virtual serán:
  - O máis semellantes posible ás tarefas do ensino presencial.
  - Avanzarase na programación de aula.
  
- No suposto de que o mestre responsable da materia se atope de baixa médica, será o equipo docente do grupo o que disporá de recursos ó alumnado.



## ANEXO I

### **DIRECTRICES DE ACTUACIÓN DO D.O. NO CASO DUN POSIBLE CONFINAMENTO PARCIAL OU TOTAL**

Dende o Departamento de Orientación establecéronse unhas pautas de actuación conxunta de ensino virtual ante un posible confinamento.

As integrantes do mesmo (Mestra de PT, Mestra de AL e Orientadora), decidimos empregar a Aula Virtual do noso centro para enviar os materiais e recursos ao alumnado que acude a algunha sesión con ambas especialistas.

Deste xeito, dentro da Aula Virtual haberá unha carpeta de PT e outra de AL. A súa vez, crearanse subcarpetas de cada curso para que o alumnado poda acceder exclusivamente ao seu nivel, onde terán colgados os seu propios recursos e materiais deseñados e planificados de forma persoal.

As actividades estarán organizadas en función do número de sesións que teña o alumnado con estas mestras e subiranse a dita Plataforma semanalmente.

Ademais seguirase o horario espello de cada curso, atendendo ao alumnado con dificultades de forma telemática, o tempo establecido por cada nivel.

Ademais, a Orientadora terá acceso a todas as carpetas para supervisar o traballo e subirá recomendacións sobre diferentes aspectos. Tamén organizaranse reunións telemáticas ou chamadas telefónicas cas familias cada 15 días para facer un seguimento do alumnado e avaliar esta modalidade de ensino virtual, garantindo así o cumprimento do Plan de Atención á Diversidade.

Os medios que empregaremos para ter un contacto máis estreito cas familias e cos alumnos/as será o TokApp ou o correo electrónico corporativo.



## ANEXO II

### ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID na aula de 4º Infantil

Dada a situación vivida nestes momentos por mor do Covid, esta programación ten en conta o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-

19 nos centros de ensino non universitario de Galicia (Versión 16-09-2020), así como á súa adaptación ao centro no que nos atopamos.

Como consecuencia, e entre outras medidas adoptadas, intensificarase a educación para a saúde, particularmente na prevención fronte a COVID.

Para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado e as súas familias, empregarase a aula virtual nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena (sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería ou se decidan desde o centro). Utilizaremos fórmulas de comunicación como foros, chamadas ou videochamadas para manter contacto coas familias e o alumnado e, de ser posible, fornecer os contidos educativos.

A totalidade das familias da aula contan con conexión a Internet. Con todo, se existisen dificultades para seguir a ensinanza telemática,

buscaranse outras alternativas para prover o dereito á educación ao alumnado.

O profesorado empregará todas as ferramentas das que dispón para comunicarse co seu alumnado e súas familias como son:

- Páxina web do centro.
- AbalarMóbil e/ou Tokapp school
- Aula virtual.
- Teléfono do centro e/ou teléfonos particulares.
- Correo electrónico.
- Aplicacións para videoconferencias (ex:webex).



## ANEXO III

### PLAN DE CONTINXENCIA LINGUA INGLESA

No caso de ter que recorrer ao ensino non presencial, empregarase a seguinte metodoloxía:

#### **EN 5º E 6º DE PRIMARIA**

Continuarase a usar o libro dixital Eva-Edixgal como principal ferramenta, tanto para enviar e recibir tarefas como para comunicarnos co noso alumnado.

Propoñeranse actividades en formato papel, tamén actividades que se desenvolvan a través as TIC así como un listado de páxinas a traballar de forma on-line e interactivas. Crearanse xogos adaptados aos coñecementos e competencias do alumnado a través de aplicacións como Genial.ly, Canva, Liveworksheets, Wordwall, etc. Propoñeranse actividades manipulativas e dinámicas para traballar unha educación vinculada ao seu entorno e, polo tanto, significativa, tamén contribuíndo a reducir as diferencias sociais e de recursos que poidan existir no grupo aula.

A maiores da plataforma Eva-Edixgal, empregarase o correo electrónico para recibir algunhas tarefas do alumnado e tamén para enviar as correccións. A través deste medio motívase ao alumnado e súxírense, nalgúns casos, actividades personalizadas. Esta será a canle de comunicación habitual tanto co alumnado como coas familias, xunto coa aplicación Tokapp School, dado que é un medio de comunicación coñecido polas familias, coa finalidade de favorecer unha comunicación fluída. No caso de ser preciso, realizaranse videochamadas mediante Cisco Webex ou chamadas telefónicas.

#### **EN INFANTIL E 1º PRIMARIA**

No primeiro curso de primaria, empregaremos a plataforma Blinklearning de Oxford para continuar usando o libro en formato dixital. A través desta plataforma, podemos asignar tarefas ao alumnado e ver o seu progreso.

Co alumnado de Educación Infantil, enviaranse semanalmente propostas de historias, cancións, xogos e actividades a través da Aula Dixital, con enlaces a páxinas específicas e fáciles de acceder.

En todo caso, a metodoloxía será aberta e centrada nas posibilidades de cada caso, tendo





en conta que nestes niveis poden ter máis dificultade para acceder a estes recursos. As actividades propostas serán as que permitan unha supervisión máis fácil a distancia, que teñan un alto impacto na aprendizaxe (calidade fronte a cantidade), e serán deseñadas para que o alumnado as enfrente coa máxima autonomía posible.

Farase un seguimento e corrección das tarefas entregadas polos alumnos e alumnas.

No caso do alumnado con problemas de disponibilidad de medios, recibirán as tarefas e a atención pedagóxica pertinente a través de Tokapp School e o correo electrónico.

Para comunicarnos cos alumnos e as familias farémolo utilizando medios alternativos oficiais tales como a videoconferencia Cisco Webex, o correo electrónico, Tokapp School, Abalar móbil ou cham



## ANEXO IV: "HORARIOS ESPELLO"

En referencia á Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, este documento concreta os horarios do alumnado e profesorado en caso de corentena nunha aula ou de confinamento total. nos niveis de 3º a 6º de primaria

### 3º E.P

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 a 10:00	LC	MT	MÚ	E.F	MT
10:00 a 10:30	MT	LG	LC	ING	CN
10:30 a 11:00	CS	CS	MT	LG	ING
11:00 a 11:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
11:30 a 12:00	E.F	LC	CN	CS	LG
12:00 a 12:30	LG	RE/VAL	ING	LC	PLA
12:30 a 13:30		Titoría de pais/nais		Titoría de alumnos/as	

### 4º E.P

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 a 10:00	E.F	CN	CS	ING	E.F
10:00 a 10:30	CN	MT	CS	MT	LG
10:30 a 11:00	INF	MT	LC	MT	LC
11:00 a 11:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
11:30 a 12:00	LC	LG	ING	LG	ING
12:00 a 12:30	PLA	LC	LG	MÚ	RE/VA
12:30 a 13:30		Titoría de pais/nais		Titoría de alumnos/as	

### 5º E.P

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 a 10:00	ING	MT	LC	LG	MT
10:00 a 10:30	MÚ	ING	MT	CN	LC
10:30 a 11:00	LG	LC	CS	MT	CS
11:00 a 11:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
11:30 a 12:00	LC	CN	ING	RE/VA	PLA
12:00 a 12:30	MT	LG	LG	E.F	E.F
12:30 a 13:30		Titoría de pais/nais		Titoría de alumnos/as	

### 6º E.P

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 a 10:00	MT	MT	LG	MT	LC
10:00 a 10:30	ING	INFORM.	MT	CS	CN
10:30 a 11:00	CS	LC	RE/VA	CS	MT
11:00 a 11:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
11:30 a 12:00	LG	ING	LC	LG	E.F
12:00 a 12:30	E.F	CN	ING	PLA	MÚSICA
12:30 a 13:30		Titoría de pais/nais		Titoría de alumnos/as	



## MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

#### *Obxectivos:*

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

### Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos

#### *Obxectivos:*

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desa etapa.



### **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: (3 xornadas lectivas)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos

*Obxectivos:*

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual,

### **Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

*Obxectivos:*

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.